II CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO
"CONCELLO DE BARREIROS"

1. OBXECTO

O Certame de Teatro Afeccionado do Concello de Barreiros ten como obxectivo principal fomentar e compartir entre a poboación a creación cultural no ámbito do teatro afeccionado durante o primeiro trimestre do ano 2027.

Este certame será un evento aberto á participación de compañías de teatro afeccionado, que favorecerá o intercambio cultural e a dinamización da actividade escénica no ámbito local e autonómico.

O obxecto deste certame de teatro é a contratación de 7 compañías de teatro afeccionadas, para a representación das obras previamente seleccionadas, cos requisitos e nos días que se fixan nos seguintes apartados.

2. PARTICIPANTES

No Certame poderán participar todos os grupos ou compañías de teatro afeccionado con proxectos teatrais en lingua galega. Só no caso de que o grupo ou compañía non sexa de Galicia poderá ser a obra nun idioma distinto ao galego.

As compañías ou grupos de teatro deberán estar legalmente constituídas. Así mesmo, as compañías ou grupos participantes deberán ter capacidade legal e administrativa para emitir a correspondente factura polos importes derivados da súa participación no certame, conforme á normativa vixente.

3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Seleccionaranse as obras participantes mediante un procedemento de avaliación artística, de acordo con criterios de calidade e adecuación ao certame, no que se garantirá en todo caso os principios de transparencia, igualdade e obxectividade.

Cada grupo ou compañía poderá presentar o número de obras que desexe pero só poderá ser seleccionada unha delas.

O comité de selección estará formado por persoal técnico municipal e persoal da compañía de teatro Ollomao.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

4.1. Para participar será obrigatorio presentar a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición da compañía ou grupo de teatro afeccionado (Anexo I), debidamente cuberta e documentación que se require nel.
- Ficha artística e técnica (Anexo II), debidamente cuberta.
- Anexo III debidamente cuberto.

4.2. A participación no Certame implica a aceptación expresa da difusión de imaxes fixas ou en movemento das obras seleccionadas, con fins exclusivamente culturais e promocionais.

4.3. Será responsabilidade das compañías participantes a obtención da autorización do/a autor/a da obra. Os dereitos de representación, no caso de seren esixibles, correrán integramente a cargo das compañías participantes.

4.4. A maiores da documentación anterior deberase achegar:

- Unha gravación do espectáculo completo cunha **ligazón web** no que poder visionala.
- Toda a documentación posible sobre o grupo/compañía: historia, certames aos que concorreu, e páxina web, blogue, redes sociais,... do grupo no caso de telo/s.
- Mínimo 2 fotografías da obra en formato dixital (preferiblemente .jpeg) para a súa promoción.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte a Seguridade Social e coa Axencia Tributaria, ou autorización ao concello a consultar os datos, previa cumprimentación e sinatura do formulario para tal autorización (Anexo III)

Esta documentación deberá enviarse por correo electrónico ao seguinte mail: **dinamizacion@concellodebarreiros.gal** antes da data límite de inscrición marcada pola organización.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de inscrición iniciarase ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e rematará o 15 de novembro de 2026. Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase á comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes cláusulas.

Mediante resolución de Alcaldía aprobarase a relación provisional das obras presentadas admitidas ao proceso de selección. No caso de que algunha solicitude presente deficiencias ou careza de documentación, concederase ás persoas interesadas un prazo de cinco (5) días naturais para a súa emenda.

Finalizado o devandito prazo, e unha vez examinadas as emendas presentadas, publicarase a relación definitiva das obras admitidas, concedéndose un prazo de dous (2) días naturais para a formulación de reclamacións.

No suposto de non ser necesario efectuar requirimentos de emenda, a relación provisional elevarase automaticamente a definitiva, sen necesidade de agardar ao transcurso do prazo de cinco días naturais.

6. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

6.1. Todas as obras presentadas ao certame serán avaliadas no marco dun procedemento de selección artística. Para a devandita avaliación teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a calidade artística global da proposta,
- a interpretación e a dirección escénica,
- a coherencia da posta en escena,
- a adecuación da obra ao carácter do certame,
- a viabilidade técnica da representación.

Emitirase un informe dende a área de Dinamización e Participación Veciñal, que será elevado ao órgano competente.

6.2. Á vista das valoracións realizadas, elevarase ao órgano competente (a alcaldesa do concello de Barreiros) a proposta de selección, na que figurarán sete espectáculos titulares e tres espectáculos de reserva.

A alcaldesa, á vista do informe emitido, resolverá.

6.3. As compañías seleccionadas realizarán as representacións das obras seleccionadas conforme ao establecido nas presentes cláusulas. Unha vez finalizadas as funcións, procederase á valoración artística das propostas representadas para a concesión das distincións previstas, atendendo ás valoracións técnicas realizadas e, no seu caso, á participación do público nos termos establecido nestas cláusulas.

O público poderá emitir a súa valoración do espectáculo ao finalizar as representacións por medio de cuestionarios que lles serán facilitados pola organización do Certame, puntuando do 1 ao 5 a obra. A puntuación do espectáculo será a que resulte da suma de todas as puntuacións dividida polo número de votantes. A votación do público terá efectos na distinción á mellor obra elixida polo público.

7. REPRESENTACIÓNS

As funcións de presentación das obras seleccionadas no II Certame de Teatro Afeccionado do Concello de Barreiros, realizaranse durante os sábados 16, 30 de xaneiro de 2027; 13, 20 e 27 de febreiro de 2027 e 6, 13 de marzo sendo o 27 de marzo (Día Mundial do Teatro) a entrega de premios do certame. No caso de que se modifique algunha data ou horario comunicarase a través da páxina web.

Aos grupos elixidos comunicaráselles o día e hora, ben por teléfono ou ben por correo electrónico. No caso de que algún dos mesmos non puidese participar, deberá comunicalo ao Concello coa maior brevidade posible e remitir un documento escrito no que quede constancia deste feito.

O horario das representacións será ás 19:00h.

O horario da entrega de distincións será a partir das 19:00 h.

O lugar de representación das obras seleccionadas distribuirase entre o Centro Sociocultural de San Cosme e os Colexios Vellos de San Miguel de Reinante.

A organización poderá cambiar o lugar e/ou hora de representación se circunstancias de forza maior o fixesen imprescindible.

Correrán a cargo dos grupos todos os custos derivados da representación, entre outros, os labores de carga e descarga, así como a montaxe e a desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

16 XANEIRO	SÁBADO 19h	COLEXIOS VELLOS SAN MIGUEL	OBRA 1
30 XANEIRO	SÁBADO 19h	CENTRO SOCIOCULTURAL SAN COSME	OBRA 2
13 FEBREIRO	SÁBADO 19h	COLEXIOS VELLOS SAN MIGUEL	OBRA 3
20 FEBREIRO	SÁBADO 19h	CENTRO SOCIOCULTURAL SAN COSME	OBRA 4
27 FEBREIRO	SÁBADO 19h	COLEXIOS VELLOS SAN MIGUEL	OBRA 5
6 MARZO	SÁBADO 19h	CENTRO SOCIOCULTURAL SAN COSME	OBRA 6
13 MARZO	SÁBADO 19h	COLEXIOS VELLOS SAN MIGUEL	OBRA 7
27 MARZO	SÁBADO 19h	CENTRO SOCIOCULTURAL SAN COSME	ENTREGA PREMIOS

8. COMPENSACIÓN ECONÓMICA E DISTINCIÓNS

8.1. As compañías seleccionadas percibirán:

- Unha compensación económica pola representación da obra, cun importe fixo de **500€**, condicionada á realización efectiva da función.
- Unha cantidade por gastos de transporte dende a sede social da compañía ata o lugar de representación. Considerando o total de quilómetros sumando a ida e a volta dun só vehículo e a tenor do cálculo da ruta máis corta da web maps.google.com e en base ao prezo do quilometraxe oficial do 2026 en base ao establecido pola Axencia Tributaria (Total quilómetros * prezo do quilometraxe que será de 0,26 euros/km).

8.2. O pagamento efectuarase previa presentación da correspondente factura, unha vez concluída a representación, e previo cumprimento das obrigas que corresponden a cada unha das compañías seleccionadas (montaxe, representación, desmontaxe, etc.).

8.3. Outorgarase oito distincións honoríficas, sen contía económica, dotadas cun trofeo e un diploma:

- Premio "**OLLOMAO DE OURO**" á mellor obra.
- Premio "**OLLOMAO DE PRATA**" á segunda mellor obra.
- Premio "**OLLOMAO DE BRONCE**" á terceira mellor obra.
- Premio ao mellor actor protagonista.
- Premio á mellor actriz protagonista.
- Premio ao mellor actor secundario.
- Premio á mellor actriz secundaria.
- Premio á mellor obra elixida polo público (espectáculo coa puntuación media máis alta).

8.4. O acto de entrega de distincións do Certame está prevista para o día 27 de marzo. As compañías/grupos elixidos para a participación no certame comprométense á asistencia de polo menos un representante da mesma.

9. XURADO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A Organización nomeará un xurado independente que será presidido, con voz pero sen voto, polo edil de Dinamización ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable. Os membros do xurado faranse públicos con anterioridade ao inicio do Certame e percibirá, cada un deles, pola súa asistencia á totalidade do certame un importe de **50,00** euros a modo de compensación.

O Xurado, á hora de emitir as súas valoracións, terá en conta os seguintes aspectos:

- **Calidade das interpretacións:** Valorarase o nivel xeral das interpretacións tendo en conta varios aspectos como expresión corporal, proxección da voz e dicción, movementos en escena, traballo de personaxe, comprensión do texto, ...
- **Calidade da posta en escena**: Valorarase no seu conxunto a calidade do concepto da posta en escena proposta e dos elementos que a compoñen.
- **Texto elixido:** Valorarase especialmente a elección de textos que defendan valores positivos como a igualdade, a empatía, a solidariedade, etc. , así como os textos de creación propia e de autores galegos.
- **Orixinalidade da proposta artística:** Valorarase especificamente o risco, a novidade e o atrevemento no concepto do espectáculo no seu conxunto.
- **Calidade técnica do espectáculo:** Valorarase como o grupo concibe e usa os elementos técnicos de que dispón e en especial o espazo sonoro e a iluminación. Valorarase a corrección, a limpeza e a creatividade no uso de recursos técnicos.

10. MEDIOS TÉCNICOS

Os medios técnicos necesarios (iluminación, son, etc.) para a representación correrán a cargo dos grupos/compañías participantes. A carga e descarga do material así como a montaxe e desmontaxe da escenografía, será responsabilidade de cada grupo participante tendo que adaptarse ao espazo no cal se realizará a representación.

10.1. As representación levaranse a cabo en dous espazos escénicos:

- Centro Social de San Cosme de Barreiros
  - Medidas escenario:
    - Boca: 6,50 m.

- Fondo: 4,70 m.
- Alto: 2,70 m.
- Altura do escenario sobre a platea: 0,50 m.

- Truss: Truss non electrificado que permite a colocación de focos

- Colexios Vellos de San Miguel de Reinante
  - Medidas escenario:
    - Boca: 6,00 m.
    - Fondo: 5,00 m.
    - Alto: 2,40 m.
    - Altura do escenario sobre a platea: 0,50 m.
  - Truss: Truss non electrificado que permite a colocación de focos

11. CONFORMIDADE

11.1. A participación no Certame implica a aceptación íntegra das presentes cláusulas.

11.2. A interpretación das cláusulas corresponderá ao Concello de Barreiros.